



Expte. MP PS PONTE CALDELAS/2020

# **MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PROXECTO SECTORIAL PARA A IMPLANTACIÓN DO CENTRO DE TRANSPORTES E TERMINAL INTERMODAL DE PONTECALDELAS (PONTEVEDRA).**

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

MARZO 2022

DOCUMENTO PARA A.P.



Diligencia pola que se fai constar que o documento coincide co contido no expediente aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 03.03.2022  
Xefe do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo:  
Alberto Feijoo Rodríguez

INSTITUTO  
GALEGO DA  
VIVENDA E SOLO



CVE: w1pZFzsnapv7  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



# MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PROXECTO SECTORIAL PARA A IMPLANTACIÓN DO CENTRO DE TRANSPORTES E TERMINAL INTERMODAL DE PONTECALDELAS (PONTEVEDRA)

DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL OUTUBRO 2021

## CONTIDO DO DOCUMENTO:

### 1. MEMORIA DESCRIPTIVA

#### 1.1. INFORMACIÓN URBANÍSTICA

1.1.1. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD E PROMOTOR.....	7
1.1.2. CARACTERÍSTICAS NATURAIS.....	7
1.1.3. CARACTERÍSTICAS DO MEDIO CONSTRUIDO .....	7
1.1.4. CARACTERÍSTICAS DA PAISAXE URBANA.....	10
1.1.5 CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN.....	13
1.1.6.CONDICIONANTES URBANÍSTICOS DAS NN SS....	14
1.1.7. AFECCIÓNS SECTORIAIS.....	14
1.1.7.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	14
1.1.7.2 PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL.....	16
1.1.7.3 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	16
1.1.7.4 OUTROS PLANS SECTORIAIS.....	16
1.1.7.5 OUTRAS AFECCIÓNS.....	17

#### 1.2. RESULTADO DO TRÁMITE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

1.2.1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.....	19
1.2.2. SUXESTIÓNS E ALEGACIÓNS DA DXPC .....	19
1.2.3. SUXESTIÓNS E ALEGACIÓNS DO IET.....	20

#### 1.3. RESULTADO DO TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO D.DE A.I. E INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS

1.3.1. INFORME DA DXPC .....	21
1.3.2. INFORME DA "DIRECCIÓN GENERAL DE	



TELECOMUNICACIONES Y ORDENACIÓN DE LOS SERVICIOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL	21
1.3.3. INFORME DA ÁREA DE FOMENTO, DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA	22
1.3.4. INFORME DE AUGAS DE GALICIA, CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, XUNTA DE GALICIA.	22
1.3.5. ALEGACIÓN DE XESTUR, IGVS, XUNTA DE GALICIA.	22
1.3.6. INFORME DA DXOTU	22

#### **1.4. MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA ORDENACIÓN PROPOSTA**

1.4.1. OBXECTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.....	24
1.4.2. MARCO LEGAL.....	24
1.4.3. ANTECEDENTES.....	25
1.4.4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO URBANÍSTICO	25
1.4.5. ÁMBITO.....	27
1.4.6. PROCESO DE PROXECTO.....	28
1.4.7. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL.....	29
1.4.8. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL PROPOSTA....	31
1.4.8.1. RÉXIME XURÍDICO DO SOLO E DA ACTUACIÓN.....	31
1.4.8.2. TRAMITACIÓN.....	32
1.4.8.3. MEDIDAS PREVISTAS PARA ATENDER AOS PRINCIPIOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, DE IGUALDADE DE TRATO E DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES, DE MOBILIDADE E DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.....	32
1.4.8.4. MEDIDAS PREVISTAS PARA GARANTIR A CUALIDADE AMBIENTAL.....	33
1.4.8.5. XUSTIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE NOS ESPACIOS PÚBLICOS URBANIZADOS	33
1.4.9. INCIDENCIA SOBRE OS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	36



## 2. ORDENANZAS REGULADORAS

<b>2.1. ESTADO ACTUAL</b> .....	<b>37</b>
2.1.1. DETERMINACIONES NORMATIVAS.....	37
<b>2.2. MODIFICACIÓN PROPOSTA.....</b>	<b>38</b>
2.2.1. DETERMINACIÓN XERAL.....	38
2.2.2. DETERMINACIÓN NORMATIVAS.....	39
2.2.3. DETERMINACIÓN ESPECÍFICA DE PROTECCIÓN ARQUELÓXICA	40
2.2.4. ORDENANZAS DE APLICACIÓN .....	40
ARTIGO 1º	40
ARTIGO 2º	40
ARTIGO 3º	41
ARTIGO 4º	41
ARTIGO 5º	41
ARTIGO 6º	41
ARTIGO 7º	41
ARTIGO 8º	42
ARTIGO 9º	42
ARTIGO 10º	44
ARTIGO 11º ORDENANZA 1.....	46
ARTIGO 12º ORDENANZA 2.....	47
ARTIGO 13º ORDENANZA 3.....	47
ARTIGO 14º ORDENANZA 4.....	48
ARTIGO 15º ORDENANZA 5.....	49
ARTIGO 16º ORDENANZA 6.....	50
ARTIGO 17º NORMAS DE URBANIZACIÓN.....	50

## 3. ESTUDO ECONÓMICO. INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

<b>3.1. INVERSIÓN ESTIMADA PARA O REMATE E REPARACIÓN DAS OBRAS XA EXECUTADAS OU EN PROCESO DE EXECUCIÓN</b>	<b>52</b>
--	-----------



<b>3.2. RESUMO DO ORZAMENTO ESTIMADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DERIVADAS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL</b>	<b>53</b>
<b>3.3. ORZAMENTO DETALLADO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DERIVADAS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL</b>	<b>55</b>

#### **4. PLANOS**

Plano 1. SITUACIÓN

Plano 2. EMPRAZAMENTO

Plano 3. ESTADO ACTUAL

Plano 4. ZONIFICACIÓN ACTUAL

Plano 5. CUALIFICACIÓN E ZONIFICACIÓN PROPOSTA

Plano 6. PLANTA DE VIALIDADE.

Plano 7. EMPRAZAMENTO.

Plano 8. PLANTA DE PLUVIAIS.

Plano 9. PLANTA DE RESIDUAIS

Plano 10. REDE DE TELEFONÍA

Plano 11. PLANTA DE SINALIZACIÓN

Plano 12. PLANTA DE XARDINERÍA

Plano 13. PLANTA DE APARCAMENTOS

Plano 14 SECCIÓNS VIARIAS 01

SECCIÓNS VIARIAS 02

#### **5. ANEXOS**

**5.1. DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO**

**5.2. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO**

ARQUITECTO REDACTOR

Jesús Conde García



# 1. MEMORIA DESCRIPTIVA

## 1.1. INFORMACIÓN URBANÍSTICA

### 1.1.1. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD E PROMOTOR

Na actualidade, e dado que o Proxecto Sectorial da C.T. se encontra case totalmente rematado, a titularidade dos terreos e pública, do Instituto Galego da Vivenda e Solo que é quen promove esta modificación puntual do Proxecto Sectorial.

### 1.1.2. CARACTERÍSTICAS NATURAIS

A Central de Transportes se sitúa na provincia de Pontevedra en terreos do Concello de Ponte Caldelas, parroquia de Tourón. Situada nunha zona de suaves pendentes no entorno da cidade de Pontevedra. A parcela, cunha superficie total de 86.964 m<sup>2</sup>, presenta unha topografía complexa con desniveis que van a condicionar a paisaxe urbana.

O estudio pormenorizado das condicións naturais se recolle no DAE. Non existen elementos naturais catalogados ou protexidos no ámbito nin na súa contorna, tratase dunha zona transformada totalmente pola urbanización, tralo desenvolvemento do Proxecto Sectorial da Central de Transportes de Ponte Caldelas, polo que o impacto neste sentido é nulo. Ademais nesta modificación se introducen unha serie de medidas para minimizar o impacto medioambiental do polígono. A altitude media e de uns 340 metros, e a vexetación natural practicamente ten desaparecido da zona.

### 1.1.3. CARACTERÍSTICAS DO MEDIO CONSTRUIDO

A zona limita ao norte cun área residencial de baixa densidade, ao sur coa ampliación do polígono industrial de Reigosa do que está separado pola estrada provincial de Reigosa-Pinto, ao este con un camiño de acceso e ao oeste co polígono industrial do Campiño.

As actividades industriais propostas son similares as xa existentes nos polígonos industriais da Reigosa e do Campiño cos que limita. Dende o punto



de vista urbanístico os terreos xa están nunha situación de urbanización case completa xa que as obras contempladas no Proxecto sectorial da Central de Transportes están case totalmente terminadas. Trátase dun un enclave industrial de certa importancia na Rexión Urbana das Rías Baixas, no límite entre os termos municipais de Ponte Caldelas e Pontevedra.

A estrutura básica da actuación de urbanización xa executada se organiza baseándose en dous bancadas horizontais situadas aproximadamente as cotas +336 y +332 separadas por unha vía principal que constitúe o acceso dende a rotonda situada sobre a estrada provincial de Reigosa-Pintos. A conformación de estas dúas plataformas ben motivada pola adaptación a topografía existente. Se evitan así grandes movementos de terras, probablemente en roca granítica, e polo tanto unha diminución do impacto paisaxístico.



***Zona de aparcamento na plataforma superior (27/06/2020)***





Na plataforma superior, e separadas por a vía de acceso, se sitúan as parcelas 1 e 2. Nos extremos das parcelas se dispoñen zonas de aparcamento de turismos, que ademais de cumprir co o estándar establecido permiten unha maior proximidade e uniformidade da distribución de ditas prazas respecto das naves as que darán servizo.

Na plataforma inferior se dispoñen as parcelas 3 e 4 destinadas, a construción de naves, mantendo a mesma disposición de prazas de aparcamento de turismos que na plataforma superior. O espazo se completa coa parcela nº 5 destinada a autónomos que demanden fundamentalmente unha praza de aparcamento para un vehículo de grandes dimensións (camión o similar) e un “boxer” para gardar complementos e recambios, e a parcela nº 6 onde está construída na actualidade a prevista zona de abastecemento de combustible e lavado de vehículos.



***Vía de conexión entre a plataforma superior e a inferior (27/06/2020)***




#### 1.1.4. CARACTERÍSTICAS DA PAISAXE URBANA

A paisaxe urbana presenta as características habituais dos polígonos industriais das periferias das cidades galegas, se ven no ámbito que nos ocupa aínda non existen naves ou edificacións, coa excepción da estación de servizo que nestes momentos xa se encontra en funcionamento.

Entorno as parcelas previstas para a edificación das naves existen unhas franxas destinadas a áreas axardinadas: Na actualidade ditas zonas non teñen un arborado nin unha vexetación axeitada.

O polígono se sitúa nun ámbito da periferia da cidade de Pontevedra nuns montes de certa altitude. Aínda que na actualidade a vexetación natural está totalmente modificada, a recuperación da vexetación potencial e posible e as zonas verdes e axardinadas representan unha oportunidade para a recuperación paisaxística da zona tal e como se explica con detalle no DAE.



#### ***Ortofotografía aérea do ano 1957***

Analizando a evolución a través das fotografías aéreas dende o ano 1957, se observa o proceso de transformación en dous vertentes diferenciadas. Por un lado os procesos de difusión urbana no territorio nas áreas periféricas da cidade van a supoñer unhas modificacións moi importantes especialmente xa no presente século.





***Ortofotografía aérea do ano 1957 (detalle)***

Por outro lado o abandono das actividades agropecuarias tradicionais propicia unha substitución da especies vexetais con un incremento do arborado de especies de rápido crecemento como o pino e o eucalipto, vinculadas a explotación forestal.



***Fotografía aérea do ano 2004***

Os procesos de urbanización vinculados a expansión económica e industrial da cidade de Pontevedra se observan con claridade na transformación da área.





**Fotografía aérea do ano 2004 (detalle)**

No ano 2004 xa se aprecia a implantación do polígono do Campiño no concello de Pontevedra , situado ao carón do ámbito da modificación xa no concello de Ponte Caldelas.

Tamén se aprecia como o arborado asociado ao río Reigosa se volve mais denso, sendo esta unha das zonas mais interesantes dende o punto de vista medioambiental, ao consolidarse unha vexetación de ribeira nas marxes do río. Este corredor ecolóxico é un importante factor de integración mediambiental.



**Fotografía aérea do ano 2017**

No ano 2017 xa está urbanizada a zona concreta da actuación, seguindo o Proxecto Sectorial aprobado para a construción da Central de Transportes.



tamén se aprecian as obras dos novos accesos dende a cidade de Pontevedra a este núcleo industrial, que sen dubida mellorarán as conexións das actividades económicas que se desenvolven no ámbito potenciando a implantación de novas empresas.



***Fotografía aérea do ano 2017 (detalle)***

Así mesmo se constata a consolidación da urbanización do ámbito e as zonas inmediatas exceptuando a valgada do río Reigosa. Se superpón sobre a foto as curvas de nivel actuais que mostran a adaptación topográfica realizada na zona mediante a construción de dous bancadas, modificando a pendente natural cara o río Reigosa.

#### 1.1.5. CARACTERÍSTICAS DA POBOACIÓN

Nas inmediacións do ámbito da modificación puntual existen unhas pequenas edificacións residenciais tanto tradicionais como de recente construción. As dinámicas sociais son as propias dun área periférica dunha cidade media galega, neste caso Pontevedra: as actividades agrarias son substituídas por economías urbanas vinculadas ao desenvolvemento e crecemento da cidade próxima. En calquera caso a zona se consolida como un ámbito eminentemente industrial, con un certo crecemento residencial no seu perímetro.



### 1.1.6. CONDICIONANTES URBANÍSTICOS DAS NN SS.

Os terreos incluídos no ámbito do presente Proxecto Sectorial forman parte dun ámbito mais amplo cualificado como solo apto para urbanizar de uso industrial SAU-1 nas Normas Subsidiarias de Ponte Caldelas, aprobadas no ano 1993. Po lo tanto segundo a lexislación vixente serían asimilables a solo rústico de protección ordinaria.

En calquera caso esta primeira clasificación nos remite á vocación primeira deste ámbito que na actualidade tense consolidado como un polo de actividade industrial aínda que as NN SS non teñan sido actualizadas nin modificadas dende entóns.

Así mesmo estes terreos se contemplan parcialmente no Proxecto Sectorial de áreas empresariais de Galiza como (áreas nº 36043012 e 36043013).

Por outro lado o ámbito está urbanizado en función dun Proxecto sectorial que é o que agora se modifica. De facto os terreos teñen a condición de solo urbanizado segundo a lexislación do solo de ámbito estatal: artigo 21 da Lei 7/2015 de 30 de outubro TR da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

### 1.1.7 AFECCIÓNNS SECTORIAIS

#### 1.1.7.1. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

O ámbito de aplicación da Modificación do PXOM está inserido na Rexión Urbana das Rías Baixas, concretamente na Área Urbana da cidade de Pontevedra, ambas definidas nas DOT. Concretamente a presente modificación desenvolve as seguintes determinacións xenéricas das D.O.T.

1.2.d. Potenciar as principais Rexións urbanas e Áreas urbanas de Galicia.(...)

1.2.l. Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia,(...)

Cando se define a Rexión Urbana se establecen as seguintes cuestións co as que a presente modificación e consecuente:



2.2.2. “...importante sistema productivo, que se caracteriza pola súa elevada integración nos mercados internacionais. O mantemento da competitividade das actividades económicas neste territorio vai demandar nos próximos anos unha armazón de servizos produtivos cada vez mais complexo e unha aposta pola I-D-i que só pode atoparse en Areas Urbanas de certo tamaño e diversificación.”

Analizadas as determinacións das Directrices son de aplicación as seguintes determinacións orientativas, tal como se recolle no DAE:

– Determinación orientativa 3.2.1. “A planificación sectorial de áreas empresariais de Galiza estudará as demandas de solo para os usos industriais terciarios, e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sostibilidade e en congruencia co modelo territorial das DOT.

a.(...) Preveranse parques de carácter estratéxico nas Rexións Urbanas de Vigo-Pontevedra(...).”

g. A planificación das áreas empresarias e dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible.

h. As diferentes áreas empresarias poderán acoller usos comerciais e terciarios sempre que non desvirtúen a súa finalidade nin comprometan a súa funcionalidade.

– Determinación orientativa 3.2.3. “Os parques empresariais localizaranse respectando os valores ambientais (incluíndo os culturais) do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións (...).”

– Determinación orientativa 3.2.6. “Na elección das alternativas da localización das áreas empresariais primará a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte a súa corrección, mitigación ou compensación, polo que se considerarán as limitacións derivadas dos condicionantes topográficos, da



*proximidade a asentamentos de poboación, da posible afección ao ámbito de influencia do patrimonio natural e cultural (...).”*

A modificación segue as determinacións das DOT ao propoñer a consolidación dun área industrial nuns terreos que xa están case totalmente urbanizados. Polo tanto a modificación do medio natural e practicamente nula, xa que se pretende o aproveitamento da maior parte das obras xa executadas. Ademais a modificación incorpora no seu deseño medidas de integración ambiental e paisaxística así como formas de mobilidade alternativa, que melloran a proposta inicial.

#### 1.1.7.2. PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

O ámbito de aplicación da presente Modificación puntual non está incluída na área de estudio nin ordenación do mesmo tal e como se recolle no DAE

#### 1.1.7.3. PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

Con carácter complementario as NNSS de Ponte Caldelas será de aplicación o Plan Básico autonómico aprobado polo decreto 83/2018 do 26 de xullo. Neste sentido hai que subliñar que O ámbito atópase parcialmente afectado polo contorno de protección xenérico de varios ben arqueolóxicos, tal e como se recolle no Plan Básico Autonómico (PBA). Concretamente as zonas obxecto de protección arqueolóxica corresponden as áreas inmediatas as Mámoas de Chan de Raña, e as Mámoas de Monterilla. O contorno da protección destes xacementos arqueolóxicos afecta a parte oeste do Proxecto Sectorial tal e como se reflicte nos planos correspondentes do presente documento.

#### 1.1.7.4. OUTROS PLANS SECTORIAIS

Entre os plans sectoriais que poden ter incidencia na Modificación Puntual proposta están os seguintes:

- a) Plans sectoriais de estradas: Non afecta.
- b) Plan hidrolóxico Galicia Costa: Non afecta.





c) Plan director da Rede Natura: Non afecta.

d) Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais en Galiza. A modificación e compatible e complementaria co dito plan, aprobado o 30 de abril do 2014, no que xa se recolle a necesidade de ampliación do Parque Empresarial da Reigosa, en Pontecaldelas (áreas nº 36043012 e 36043013). Aínda que o ámbito non é exactamente coincidente coas áreas establecidas no PSOAEG, os terreos xa se encontraban case urbanizados no momento de aprobación do PSOAEG. Resulta evidente polo tanto que é moito mais lóxico poñer en funcionamento as áreas xa urbanizadas antes que realizar novas ampliacións.

Na proposta se terán en conta as recomendacións, criterios e parámetros contidos neste documento para o deseño das áreas industriais e empresariais

#### 1.1.7.5. OUTRAS AFECCIÓNS

Entre as afeccións sectoriais que poden ter incidencia na Modificación Puntual proposta están as seguintes:

a) Estradas: Non afecta.

b) Costas: Non afecta.

c) Augas: Non afecta.

d) Portos: Non afecta.

e) Aeroportos: Non afecta.

f) Patrimonio: O ámbito atópase parcialmente afectado polo contorno de protección xenérico de varios ben arqueolóxicos, tal e como se recolle no Plan Básico Autonómico (PBA). Concretamente as zonas obxecto de protección arqueolóxica corresponden as áreas inmediatas as Mámoas de Chan de Raña, e as Mámoas de Monterilla. O contorno da protección destes xacementos arqueolóxicos afecta a parte oeste do Proxecto Sectorial tal e como se reflicte nos planos correspondentes do presente documento.



No caso de que se realicen obras ou outras intervencións na zona afectada polo contorno de protección dos bens do patrimonio cultural antes citados, se as mesmas tivesen por obxecto calquera dos casos enumerados no artigo 45 da LPCG, haberán de contar coa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural. E lembrase que, de ser o caso, estarase aos criterios específicos de intervención no contorno de protección (artigo 46 da LPCG), e ao resto de determinacións establecidas na dita lei respecto do patrimonio arqueolóxico (Capítulo IV do Título VII).

No relativo ao control arqueolóxico, estarase ao disposto nos artigos 95 e 96 da LPCG e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia.

g) Espazos naturais: Non afecta.

h) Ferrocarrís: Non afecta.

i) Montes: Non afecta.

j) Minas: Non afecta.

k) Defensa: Non afecta.

l) Eléctricas: Non afecta.



## **1.2. RESULTADO DO TRÁMITE DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉGICA**

### **1.2.1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉGICO**

**O 11 DE Novembro de 2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, emite resolución no sentido de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación Puntual nº 1 do Proxecto Sectorial para a implantación do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Pontecaldelas (Pontevedra)**

expediente: 2020AAE2475

código web: 2334/2020

En calquera caso a citada resolución si fai unha suxestión: “no perímetro presérvase unha banda axardinada, que sería recomendable que incorporase estratos arbóreos para amortecer a afección das actividades nas vivendas próximas.” Se considera moi oportuna esta cuestión e se recolle no documento de aprobación inicial, incrementando o número de árbores que se plantan.

A resolución tamén da conta das suxestións recibidas durante o período de consultas previas para que se teñan en conta na elaboración do documento de aprobación inicial. As cuestións e alegacións foran formuladas por:

a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural  
o Instituto de Estudos do Territorio

### **1.2.2. SUXESTIÓNS E ALEGACIÓNS DA DXPC**

A alegación presentada polo Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sinala que o ámbito se atopa parcialmente afectado polo contorno de protección xenérico de varios bens arqueolóxicos, tal e como se recolle no Plan básico autonómico,



o que deberá recollerse na memoria e na cartografía. Especifica outras cuestións respecto do cumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que se deben incorporar na normativa.

Polo tanto o presente documento se inclúe na cartografía a delimitación dos contornos de protección arqueolóxica sinalados. Tamén se incorporan na memoria e nas ordenanzas de aplicación as cuestións relativas a xustificación do cumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. E as medidas oportunas para garantir a protección dos bens arqueolóxicos delimitados.

### 1.2.3. SUXESTIÓNS E ALEGACIÓNS DO IET

As conclusións presentadas son as seguintes “no que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que o a modificación puntual nº 1 do Proxecto sectorial da central de transportes non provocará un impacto paisaxístico significativo.



### **1.3. RESULTADO DO TRÁMITE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTO DE A.I. E INFORMES SECTORIAIS EMITIDOS**

O xoves 8 de abril de 2021 publícase no DOG o anuncio do IGVS do 22 de marzo de 2021 polo que se somete a información pública a modificación puntual número 1 do proxecto sectorial para a implantación do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra).

A continuación se recollen tanto os informes sectoriais como as alegacións efectuadas durante o trámite de exposición pública.

#### **1.3.1. INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL. CONSELLERÍA DE CULTURA EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE. XUNTA DE GALICIA.**

O 30 de xuño do 2021, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe favorable dado que o documento de A.I. *“recolle as medidas protectoras e correctoras establecidas no informe da DXPC do 02.09.2020, que se resumen nas seguintes:*

- *Incluír na normativa determinacións sobre a necesidade de autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural, o que se establece dentro do apartado 2. Ordenanzas Reguladoras co epígrafe 2.2.3 Determinación específica de protección arqueolóxica.*
- *Recoller na cartografía a afección do patrimonio cultural, polo que se grafan os ámbitos de protección patrimonial no plano 05. Cualificación e zonificación urbanística proposta.”*

#### **1.3.2. INFORME DA “DIRECCIÓN GENERAL DE TELECOMUNICACIONES Y ORDENACIÓN DE LOS SERVICIOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL. MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS Y TRANSFORMACIÓN DIGITAL.”**

Con data 22 de xuño de 2021 se emite informe favorable.



### 1.3.3. INFORME DA ÁREA DE FOMENTO, DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA.

Con data 19 de xullo de 2021 se emite informe comunicando que no se emiten observacións sobre o documento sometido a exposición pública.

### 1.3.4. INFORME DE AUGAS DE GALICIA, CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, XUNTA DE GALICIA.

O 22 de xullo do 2021, Augas de Galicia emite informe no que: “vista a documentación aportada e analizado o carácter e o ámbito da Modificación Puntual, estímase que non procede a emisión de observacións por parte de Augas de Galicia, posto que a Modificación Puntual non afecta ás competencias deste organismo de conca”.

### 1.3.5. ALEGACIÓN DE XESTUR, IGVS, XUNTA DE GALICIA.

O 7 de maio do 2021, XESTUR realiza unha alegación o documento de aprobación inicial nos seguintes termos: no proxecto sectorial vixente o aparcamento público de camións en “batería” situado ao sur do polígono se encontra clasificado como parcela privada (p5) con uso para aparcamento privado de camións con edificacións auxiliares figurando inscrita no Rexistro da propiedade de Ponte Caldelas como fina 9811, inscrición 1ª, tomo 220, libro 89, folio 98. Polo anteriormente dito se solicita que se manteña o caracer privado da parcela e o uso anteriormente previsto.

O equipo redactor considera adecuado estimar a citada alegación, polo que se introducen leves modificacións na ordenación do ámbito, que en ningún caso resultan substanciais toda vez que se manterá a edificabilidade total do ámbito a as zonas verdes, e o viario non se modifica.

### 1.3.6. INFORME DA DXOTU, CMATV, XUNTA DE GALICIA.

Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, N/REF: OT-21-55 de data 14 de febreiro, no que se establece:



**“5.1. Dado que a modificación implica a intervención en espazos públicos urbanizados, resulta preciso incluir xustificación do cumprimento das condicións de accesibilidade aplicables ás determinacións do proxecto sectorial, segundo a normativa vixente (Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados), especialmente das referentes aos itinerarios peonís accesibles e ás dimensións e cantidade mínima de prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida.**

**5.2. Incluiranse as seccións transversais das novas solucións viarias propostas, cuxas trazas se sinalan no plano de ordenación O7. Lémbrese a este respecto que, dentro do que resulte indicado no que atinxe ao alcance da modificación, son de aplicación as condicións recollidas nos artigos 74 (características do viario) e 75 (características da dotación de aparcadoiros) do Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”**



## **1.4. MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA ORDENACIÓN PROPOSTA**

### **1.4.1. OBXECTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL**

A modificación puntual ten como finalidade principal o cambio da cualificación do uso previsto pasando de Central de Transportes a usos industriais xenéricos. Este cambio de uso ven motivado por unha adaptación as novas demandas nesta área industrial da periferia urbana da cidade de Pontevedra. A modificación tamén supón alteracións no deseño que fundamentalmente afectan ao trazado dos recorridos peonís e a configuración e dimensións das parcelas privadas. A presente modificación puntual se concretará nun documento refundido do Proxecto Sectorial.

Polo tanto, se ben o obxectivo fundamental e o cambio de uso, se contemplan as alteracións no deseño necesarias para permitir o correcto funcionamento das novas actividades propostas.

E evidente que por razóns de economía e sostibilidade o novo deseño deberá respectar na medida do posible as obras xa executadas incorporándoas a proposta.

### **1.4.2. MARCO LEGAL**

A modificación puntual realízase no marco do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana do Estado (TRLS/15), da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (L21/13), da Lei 10/1995 de 23 de novembro de Ordenación do Territorio de Galicia, da Lei 7/2008 de 7 de xullo de protección da paisaxe de Galiza, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG16) (DOG. núm. 34, do 19 de febreiro de 2016), o Regulamento que a desenvolve (decreto 143/2016) e o Plan Básico autonómico aprobado polo decreto 83/2018 do 26 de xullo.





### 1.4.3 ANTECEDENTES

**Con data de Xuño de 2002 se redactou pola consultora “CIMEX Proyectos Logísticos, SA”, por encargo de Xestur Pontevedra, o Proxecto Sectorial para a implantación do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Pontecaldelas (Pontevedra) que tiña por obxecto a definición dos criterios de ordenación e as ordenanzas reguladoras do futuro desenvolvemento urbanístico do ámbito obxecto do proxecto, así como a definición das obras de urbanización necesarias para a situación da Central de Transportes da comarca de Pontevedra, no concello de Ponte Caldelas, Pontevedra. Dito Proxecto Sectorial aprobouse o 5 de decembro de 2003.**

A maioría das actuacións contidas no Proxecto sectorial se terminaron de executar no ano 2005.

En outubro do 2018 se redacta, a petición do IGVS, unha memoria valorada sobre o estado actual da urbanización da C.T. de Ponte Caldelas. En dita memoria realizada por “INSELT ingenieros consultores” se describía ó estado actual da urbanización e a súa deterioración, así como as obras necesarias para a correcta terminación da mesma, estimándose un orzamento necesario de 553.046,58 €. (IVA 21% inc.)

O IGVS, tendo en conta o tempo transcorrido e os cambios na estrutura económica e de mobilidade na comunidade galega, estima que o uso de Central de Transportes non é na actualidade o mais apropiado para o ámbito, polo que promove esta modificación puntual do Proxecto Sectorial e documento refundido, que pretende permitir uns usos mais adecuados as demandas reais.

Polo tanto o presente documento inclúe tanto as modificacións na ordenación para facilitar novos usos industriais como os cambios no deseño específico para adecuar a urbanización as actividades futuras.

### 1.4.4. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO URBANÍSTICO.

O artigo 4 do TRLS/15 establece que a ordenación territorial e urbanística son funcións públicas non susceptíbeis de transacción que organizan e definen o



uso do territorio e do solo consonte ao interese xeral, debendo, o exercicio desta potestade, ser motivado con expresión dos intereses xerais aos que serve.

O TRLS/15, no seu artigo 3, senta o principio de desenvolvemento territorial e urbano sostible, establecendo que as políticas públicas sobre a regulación, ordenación, ocupación, transformación e uso do solo deben de realizarse conforme ao interese xeral e segundo o principio do desenvolvemento sostible.

En virtude de dito principio, as políticas públicas en materia urbanística deben propiciar o uso racional dos recursos, harmonizando os requirimentos da economía, o emprego, a cohesión social, a igualdade de trato e de oportunidades, a saúde e a seguridade das persoas e a protección do medio ambiente.

Concretamente no medio urbano, a lexislación básica estatal dispón que os poderes públicos formularán e desenvolverán as políticas municipais de utilización do solo de acordo cos principios de competitividade e sostibilidade económica, social e medioambiental, cohesión territorial, eficiencia enerxética e complexidade funcional, procurando que este estea suficientemente dotado e que o solo se ocupe de xeito eficiente, combinando os usos de forma funcional, e en particular:

***“b) Favorecerán e fomentarán a dinamización económica e social***

***c) Mellorarán a calidade e a funcionalidade das dotacións, infraestruturas e espazos públicos ao servizo de todos os cidadáns e fomentarán uns servizos xerais máis eficientes económica e ambientalmente.***

***d) Favorecerán, coas infraestruturas, dotacións, equipamentos e servizos que sexan precisos, a localización de actividades económicas xeradoras de emprego estable, especialmente aquelas que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías, mellorando os tecidos produtivos, por medio dunha xestión intelixente.***



**f) Garantirán a mobilidade en custo e tempo razoable, a cal basearase nun adecuado equilibrio entre todos os sistemas de transporte, que, no entanto, outorgue preferencia ao transporte público e colectivo e potencie os desprazamentos peonís e en bicicleta.**

**g) Integrarán no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, para contribuír ao equilibrio das cidades e dos núcleos residenciais, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, así como a cohesión e a integración social.”**

A presente modificación e promovida polo IGVS e o seu interese público e evidente: trata de adaptar as novas necesidades unha zona xa urbanizada ao obxecto de rendibilizar a inversión pública que xa se fixo. Así como consolidar un polo de desenvolvemento industrial existente.

#### 1.4.5. ÁMBITO.

O ámbito da modificación puntual e o do actual Proxecto Sectorial para a implantación do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Pontecaldelas (Pontevedra), e presenta as seguintes características e zonificación:

Superficie total	86.963,86 m2s
Rede viaria local	21.664,47 m2s
Espazos libres	10.675,03 m2s
S. Xeral viario	2.701,06 m2s
Superficie de parcelas privadas	40.935,47 m2s
Superficie máx. edificable	28.341,95 m2c
Prazas de aparcamento públicas	341



1.4.6. PROCESO DE PROXECTO.



**Bosquexo 1**

O longo do proceso de deseño, e antes de chegar a solución final baralláronse diferentes hipóteses e alternativas tal e como se recolle no DAE.




**Bosquexo 2**



Cada unha das alternativas responde a un análise proxectual no que se exploraron as bondades e carencias de cada unha das propostas. A continuación expone as consideracións que levaron a conformación final da alternativa elixida.

En primeiro lugar descartouse a hipótese de manter o trazado tal e coma estaba PS CT xa que o viario local previsto ten unha sección de 10 metros que resulta insuficiente para a incorporación das beirarúas e de os aparcamentos en liña que posibilitan un adecuado funcionamento.



### **Bosquexo 3**

#### 1.4.7. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL.

As medidas que se contemplan na modificación puntual, veñen derivadas do seu cambio de uso. Este cambio vai supoñer unha diversificación das actividades e dos usuarios polo que a complexidade funcional aumenta. Así mesmo outras cuestións como a calidade espacial e ambiental pasan a ter unha maior importancia na procura dun tecido urbano trabado que integre as diferentes actuacións non só do concello de Ponte Caldelas senón tamén do de



Pontevedra. Hai que ter moi presente o cambio nas actividades industriais cara un modelo mais ecolóxico baseado nas novas tecnoloxías e nas enerxías alternativas o que fai que a propia arquitectura das naves industriais mude na procura dunha imaxe mais actual que constitúa unha paisaxe urbana atractiva acorde co as expectativas que os consumidores e posibles clientes destas industrias teñen.

Polo tanto e imprescindible artellar os seguintes cambios na presente modificación puntual:

### **1º. Novos usos.**

Este obxectivo é o punto de partida de a modificación

### **2º. Adaptación das parcelas**

Co motivo da introdución no deseño de aceiras adecuadas para o tránsito peonil se fai necesario modificar as superficies das parcelas.

### **3º. Novos percorridos peonís.**

Se deseñan beirarrúas nas estradas que se completan con unha rede de sendas verdes

### **4º. Mellora da mobilidade rodada.**

A proposta de unha nova rotonda flexibiliza os percorridos rodados no interior do ámbito, a vez que aposta por unha intervención mínima que non supón grandes obras.

### **5º. Mellora da mobilidade alternativa**

As sendas verdes permiten o uso peonil pero tamén a utilización da bicicleta no ámbito, a continuidade destas sendas no futuro permitirá favorecer con claridade outros tipos de mobilidade.

### **6º Mellora da accesibilidade.**

A proposta de un acceso e unha saída novos supoñen unha mellora na accesibilidade sen introducir distorsións no sistema viario e aproveitando ao máximo a urbanización xa executada.

### **7º Mellora da integración medioambiental e ecolóxica.**

As medidas propostas no deseño das zonas verdes así como o acompañamento de áreas axardinadas no sistema viario, van supoñer unha mellor integración ambiental e paisaxística.



Concretamente a proposta intenta aumentar as superficies de zonas verdes públicas. Manter a superficie edificable prevista no mesmo. E incrementar a superficie de sistema viario de tal maneira que se podan resolver adecuadamente os distintos tipos de mobilidade. Resumen das características da proposta:

Superficie total	86.963,86 m2s)
Rede viaria local	38.740,24 m2s
Espazos libres	11.663,05 m2s
S. Xeral viario	2.701,06 m2s
Superficie de parcelas privadas	33.859,51 m2s
Superficie máx. edificable	28.187,55 m2c
Prazas de aparcamento públicas (automóviles)	361

#### 1.4.8. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL PROPOSTA

##### 1.4.8.1. RÉXIME XURÍDICO DO SOLO E DA ACTUACIÓN

A modificación non altera a clasificación urbanística dos terreos contemplada no actual Proxecto Sectorial. Supón un incremento das zonas verdes, da superficie de vías públicas e áreas axardinadas, así como un aumento das prazas de aparcamento, por contra a superficie destinada a aproveitamento privado diminúe así como a edificabilidade. A modificación puntual propón o seguinte:



**TABLA COMPARATIVA DOS PARÁMETROS DO PXOM E DA  
MODIFICACIÓN PROPOSTA**

<b>Dotación</b>	<b>Se cambia</b>	<b>Se propón</b>	<b>Déficit/exceso</b>
<b>Superficie</b>	86.963,86 m2s	86.963,86 m2s	<b>0,00 m2s</b>
<b>Espazos libres</b>	10.675,03	11.663,05	<b>+988,02 m2s</b>
<b>Rede viaria</b>	21.664,47 m2	38.740,24 m2s	<b>+17.075,77 m2</b>
<b>Sistema Xeral</b>	2.701,06 m2s	2.701,06 m2s	<b>0,00 m2s</b>
<b>Sup. edificable</b>	28.341,95 m2c	28.239,95 m2c	<b>-102,00 m2c</b>
<b>Sup parcelas</b>	40.935,47 m2s	36.493,43m2s	<b>-4.442,04 m2s</b>
<b>Aparcamiento público</b>	341 prazas	361 prazas	<b>+20 prazas</b>

#### 1.4.8.2. TRAMITACIÓN

Se estará ao disposto na Lei 10/1995 de 23 de novembro de Ordenación do Territorio de Galicia. O presente documento ao ser unha modificación menor dun Proxecto sectorial, se someterá ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

#### 1.4.8.3. MEDIDAS PREVISTAS PARA ATENDER AOS PRINCIPIOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, DE IGUALDADE DE TRATO E DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES, DE MOBILIDADE E DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.

Se estará ao previsto na Lei 7/2015 “Real decreto legislativo, de 30 de outubro por el que se aprueba el texto refundido de la ley del suelo y rehabilitación urbana” no seu artigo 20.1 apartado c) e a Lei 3/2007 “Ley orgánica de 22 de





marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres”. Por tanto se adoptan os seguintes criterios de deseño:

- a) Deseño de percorridos accesibles incorporando ramplas cando fose necesario.
- b) Deseño de percorridos seguros e con boa iluminación, e con unha relación axeitada co resto dos espazos públicos.
- c) Deseño de carril-bici, que permita unha mobilidade eficiente e inclusiva.

#### 1.4.8.4. MEDIDAS PREVISTAS PARA GARANTIR A CUALIDADE AMBIENTAL

- a) Nas avenidas urbanas prevese a creación de bandas arboradas que filtren e minimicen tanto o ruído como os gases nocivos,
- b) Utilización de luminarias de alumado público tipo Led, de baixo consumo.
- c) No deseño dos espazos libres se utilizaran de especies autóctonas que no necesiten un rego excesivo, así como pavimentos que garantan a permeabilidade do solo.
- d) Previsión de sendas verdes e rutas adecuadas para as bicicletas.
- e) Instalación de aparcadoiros para bicicletas nas proximidades do ámbito e de lugares de parada adecuados para o transporte público.

#### 1.4.8.5. XUSTIFICACIÓN DAS CONDICIÓNNS BÁSICAS DE ACCESIBILIDADE NOS ESPACIOS PÚBLICOS URBANIZADOS.

A citada modificación cumpre co disposto na Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, e no Decreto 35/2000 (D.O.G. 29.02.00) e a súa modificación Decreto 74/2013 (D.O.G. 22.05.13) en desenvolvemento da Lei 10/2014 de accesibilidade en Galicia.



## TABLA XUSTIFICATIVA

CONCEPTO	PARÁMETRO	MEDIDAS SEGUNDO DECRETO		PROXECTO
		ADAPTADO	PRACTICABLE	
ITINERARIOS PEONÍS Base 1.1.1	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN INTEGRAL	ANCHO LIBRE 1.80m (Con obstáculos puntuais 1.50m.)	ANCHO LIBRE 1.50m (Con obstáculos puntuais 1.20m.)	<b>2,00 m.</b> <b>1,50 m.</b> cumple
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 0,90m	ANCHO LIBRE 0,90m	<b>1,50 m.</b> cumple
	PENDENTE MÁX. LONGITUDINAL	10%	12%	<b>6%</b> cumple
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	2,20m	2,10m	<b>6,00 m.</b> cumple
ITINERARIOS MIXTOS Base 1.1.2	ANCHO MÍNIMO LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m (Con obstáculos 2,50m)	2,50m (Con obstáculos 2,20m)	cumple
	PENDENTE MÁX. LONGITUDINAL	8%	10%	<b>6%</b>
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m	2,20m	<b>6,00 m.</b> cumple
PASOS PEONÍS PERPENDICULARES SENTIDO ITINERARIO Base 1.1.3 A	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	<b>2,00 m.</b> <b>1,50 m.</b> cumple
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	<b>1,50 m.</b> cumple
	PENDENTE MÁX	12%	14%	<b>6%</b> - cumple
	ANCHO LIBRE MÍNIMO BEIRARRÚAS	0,90m	0,90m	<b>1,50 m.</b> cumple
PASOS PEONÍS SENTIDO DE ITINERARIO Base 1.1.3B	LONXITUDE MÍNIMA ANCHO MÍNIMO	1,50m 0,90m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	1,20m 0,90 m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	<b>1,50 m.</b> cumple
PASO DE VEHICULOS SOBRE BEIRARRÚAS Base 1.1.4	PERPENDICULAR A CALZADA	MÍNIMO 0,60m	MÍNIMO 0,60m	cumple
	PASO LIBRE DE OBSTÁCULOS	MÍNIMO 0,90m	MÍNIMO 0,90m	cumple
PASOS DE PEÓNIS Base 1.1.5	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	cumple
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	cumple

- Pendente transversal máxima en itinerarios peonís e mixtos do 2%. Resalte máximo entre pasos e calzada de 2 cm.

ESCALEIRAS Base 1.2.3	ANCHO MÍNIMO	1,20m	1,00m	1,50 m. cumple
	DESCANSO MÍN	1,20m	1,00m	1,50 m. cumple
	TRAMO SEN DESCANSO	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,00 m	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,50m	<b>Desnivel máx. 2,00 m.</b> cumple
	DESNIVELES DE 1 CHANZO	SALVADOS POR RAMPLA	CHANZO MÁXIMO DE 15cm	<b>Rampla</b> cumple
	TABICA MÁX	0,17m	0,18m	<b>0,16 m.</b> cumple
	DIMENSIÓN DA PEGADA	2T + H = 62-64 cm	2T + H = 62-64 cm	<b>62 cm.</b> cumple
	ESPAZOS BAIXO ESCALEIRAS	PECHADO Ou PROTEXIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		<b>pechado</b>
	PASAMANS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		<b>0,9</b> cumple
	ANCHO DA ESCALEIRA MAIOR A 3,00 m	VARANDA CENTRAL		cumple
	ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX		<b>10 lux.</b> cumple
ESCAL. MECÁNICAS B1.2.5	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	-
RAMPLAS Base 1.2.4	ANCHO MINIMO	1,50m	1,20m	<b>1,5 m.</b> cumple
	PENDENTE MÁX LONXITUDINAL (POR PROBLEMAS FÍSICOS PODERÁN INCREMENTARSE NUN 2%)	MENOR DE 3m = 10% ENTRE 3 E 10m = 8% MAIOR Ou IGUAL 10m = 6%	MENOR DE 3m = 12% ENTRE 3 E 10m = 10% MAIOR Ou IGUAL 10m = 8%	<b>6%</b> cumple
	PENDENTE MÁX TRANSVERSAL	2%	3%	<b>2%</b> cumple
	LONXITUDE MÁXIMA DE TRAMO	20m.	25m.	<b>20 m.</b> cumple



	DESCANSO MÍN. CON ANCHO O DA RAMPLA	LONXITUDE 1,50m	1,20m	<b>1,50 m.</b> cumple
	XIROS A 90º	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,50m DE DIAMETRO	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,20m DE DIAMETRO	<b>1,50 m. diámetro</b> cumple
	ESPACIO LIBRE A FINAL E INICIO DE RAMPLA	1,80 x 1,80m	1,50 x 1,50m	<b>2,0 x 2,0 m.</b> cumple
	PROTECCIÓN LATERAL	DE 5 A 10 cm DE ALTURA EN LADOS LIBRES SOBRE O NIVEL DO CHAN		<b>6 cm.</b>
	ESPACIO BAIXO RAMPLAS	PECHADO OU PROTEXIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		<b>pechado</b>
	PASAMANS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		<b>0,90 m.</b>
	ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX		<b>10 lux</b>
BANDAS MECÁNICAS Base 1.2.7	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	-
	PENDENTE MÁX LONGITUDINAL	PENDENTE IGUAL QUE A DE ITINERARIO PEONIL CON MESETA DE 1,50 m DE ENTRADA E SAÍDA		-
ASCENSORES Base 1.2.6 (mod.D 74/2013)	DIMENSIONES INTERIORES DE CABINA DUNHA SOA ENTRADA OU DUAS OPOSTAS	TIPO 1: (Carga max. 450 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.250 mm PROF. TIPO 2: (Carga max. 630 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.400 mm PROF. TIPO 3: (Carga max. 1.275 Kgs) 1.100 mm ANCHO x 1.400 mm PROF.		-
	PORTAS	AUTOMÁTICAS E OPERAR CON ESCORREGAMENTO HORIZONTAL		-
	VARANDA	CON VARANDA INTERIOR DE ALTURA = 0,90 m E 35 mm SEPARACION CON PAREDE		-
	MESETA DE SAÍDA	INSCRIBIR CÍRCULO 1,50 m DE DIÁMETRO LIBRE DE OBSTACULOS		-
	BOTONEIRAS	ALTURA ENTRE 0,90 e 1,20 m SOBRE CHAN		-
ASEOS EN PARQUES, XARDÍNS E ESPAZOS PÚBLICOS Base 1.5	DIMENSIÓN ACHEGAMENTO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,50m 0,80m MÍNIMO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,20m 0,80m MÍNIMO	-
	PORTAS	ANCHO LIBRE 0,80m	ANCHO LIBRE 0,80m	-
	LAVABOS, BILLAS DE PRESIÓN Ou PALANCA	SEN PÉ, ALTURA 0,85m	SEN PÉ, ALTURA 0,90m	-
	INODOROS CON BARRAS LATERAIS ABATIBLES POLO LADO DE APROXIMACIÓN	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,20m, e a 0,70m do chan	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,25m, e a 0,80m do chan	-
APARCADOIROS Base 1.3	DIMENSIÓN MÍNIMA EN RINGLEIRA	2,00-2,20 x 5,00m	2,00-2,20 x 5,00m	<b>2,5 x 5,0 m</b> cumple
	ESPACIO LIBRE LATERAL	1,50m	1,50m	<b>1,50 m.-</b> cumple
	DIMENSIÓN MÍNIMA TOTAL	3,50 x 5,00m	3,00 x 4,50m	<b>3,5 x 5,0 m.</b> cumple
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN Base 1.2	PAVIMENTOS, DUROS E ANTIESCORREGADIZOS	RESALTE MÁX. 2cm.	RESALTE MÁX. 3cm.	<b>2 cm.</b>
	BORDOS, CANTO REDONDEADO	ALTURA MÁX 0,14m	ALTURA MÁX 0,16m	<b>0,14 m.</b>
	REIXAS	EN CUADRÍCULA, OCOS MENORES DE 2 cm		-
SINAIS E ELEMENTOS VERTICAIS Base 1.4.1	ALTURA MÍNIMA LIBRE	IGUAL OU MAIOR DE 2,20m	IGUAL OU MAIOR DE 2,10m	<b>2,4 m.</b>
	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20 E 0,90m	ENTRE 1,30E 0,80m	<b>1 m.</b>
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN		<b>1,5 m.</b>
OUTROS ELEMENTOS art.-11 Base 1.4.2	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20-0,90m	ENTRE 1,30-0,80m	-
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN	0,90m, 1,20m EN ÁREAS DESARROLL POR PLAN	-
	ZONAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	MESETA A MÁX. 0,85m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	MESETA A MÁX. 0,90m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	-

Cando por dificultades orográficas ou rúas preexistentes non sexa posible a creación dun itinerario adaptado, deseñárase como mínimo un itinerario practicable que permita o desprazamento de persoas con mobilidade reducida.

RESERVA MÍNIMA DE PRAZAS ADAPTADAS: UNHA POR CADA 40 PRAZAS SEGÚN A ORDE VIV/561/2010)



Neste caso 361 prazas de aparcamento, das cales 19 prazas adaptadas. 19>9  
CUMPRE

#### 1.4.9. INCIDENCIA SOBRE OS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Considerando o ámbito e alcance da modificación hai que sinalar que afecta única e puntualmente a unha pequena parte do Proxecto Sectorial para a implantación do C. de T. e T. I. e tratándose de obxectivos de ordenación que axudan a potenciar a actividade económica sen causar cambios negativos no medio ambiente, considérase que non existe incidencia negativa que precise de xustificación en relación ás determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio (Decreto 19/2011, de 10 de febreiro), ás do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (Decreto 20/2011, de 10 de febreiro), nin á Lei da Paisaxe de Galicia (Lei 7/2008, de 7 de xullo), tal e como se xustificou no Documento Ambiental Estratéxico que acompaña a súa tramitación.



## 2. ORDENANZAS REGULADORAS

### 2.1. ESTADO ACTUAL DO PLANEAMENTO

#### 2.1.1. DETERMINACIÓNS NORMATIVAS

As determinacións normativas contidas no P. S. para a implantación do C. de T. e T. I. se resumen no cadro seguinte. A Zonificación coas diferentes áreas se establece no plano correspondente: Plano 4., ZONIFICACIÓN ACTUAL

	superficie		ocupación		edificabilidade	
	sup.m2	%	sup.m2	%	M2/m2	M2
Espazos libres (comp.)	10.675,03	12,28	533,75	5	0,05	533,75
Sistema viario	21.664,47	24,91				
Sistema Xeral	2.701,06	3,11				
Equipamentos	---	---				
Parus cristatus	Ferreiriño Cristado	Herrerillo capuchino
Parus major	Ferreiro abelleiro	Carbonero común
Dendrocopus major	Peto real	Pico picapinos
Picus viridis	Peto verdeal	Pito real
Passer domesticus	Pardal común	Gorrión común



Passer montanu  
Sturnus unicolor  
Tachybaptus ruficollis  
Prunella modularis  
Troglodytes troglodytes  
Tyto alba  
Upupa epops

Pardal orelleiro  
Estornino negro  
Somorgullo pequeno  
Azulenta común  
Carrizo  
Curuxa común  
Bubela común

Gorrión molinero  
Estornino negro  
Zampullín común  
Acentor Común  
Chochín  
Lechuza común  
Abubilla

## MAMÍFEROS

### NOME CIENTÍFICO

Apodemus sylvaticus  
Arvicola sapidus  
Arvicola terrestres  
Crocidura russula  
Crocidura suaveolens  
Eliomys quercinus  
Eptesicus serotinus  
Erinaceus europaeus  
Galemys pyrenaicus  
Genetta genetta  
Lutra lutra  
Martes foina  
Meles Meles  
Microtus agrestes  
Mus musculus  
Mustela Novalis  
Mustela putorius  
Oryctolagus cuniculus  
Pipistrellus pipistrellus  
Pitymys lusitanicus  
Plecotus auritus  
Rattus norvegicus  
Rattus rattus  
Rhinolophus ferrumequinum  
Rhinolophus hipposideros  
Sorex minutus  
Talpa occidentalis  
Vulpes vulpes

### NOME GALEGO

Rato do campo  
Rata de auga  
Rata de auga norteña  
Furaño común  
Furaño xardineiro  
Leirón careto  
Morcego espertello  
Ourizo cacho  
Rato de almizcle  
Algaria  
Lontra  
Foina  
Porco tieso  
Trilladeira dos prados  
Rato caseiro  
Donicela  
Tourón  
Coello bravo  
Morcego común  
Corta dos prados  
Morcego orelludo común  
Rata común  
Rata cincenta  
Morcego g. de ferradura  
Morcego p. de ferradura  
Furafollas pequeno  
Toupa cega  
Raposo

### NOME CASTELAN

Ratón de campo  
Rata de auga  
Rata topera  
Musaraña gris  
Musaraña de campo  
Lirón careto  
Murciélago hortelano  
Erizo  
Desmán de los Pirineos  
Gineta  
Nutria  
Garduña  
Tejón  
Topillo nival  
Ratón doméstico  
Comadreja  
Turón  
Conejo de monte  
Murciélago común  
Topillo portugués  
Murciélago orejudo común  
Rata común  
Rata negra  
Murciélago g. de herradura  
Murciélago p. de herradura  
Musaraña enana  
Topo  
Zorro

## REPTÍS

### NOME CIENTÍFICO

Anguis fragilis  
Natrix maura  
Natrix Matrix  
Chalcides striatus  
Lacerta lepida  
Lacerta schreiberi  
Podarcis bocagei  
Podarcis hispánica

### NOME GALEGO

Escáncer común  
Cobra de auga  
Cobra de collar  
Esgonzo común  
Lagarto Arnal  
Lagarto das silvas  
Lagartixa galega  
Lagartixa dos penedos

### NOME CASTELAN

Lución  
Culebra de agua  
Culebra de collar  
Eslizón tridáctilo  
Lagarto ocelado  
Lagarto verdinegro  
Lagartija de Bocage  
Lagartija ibérica



## ANFIBIOS

### NOME CIENTÍFICO

### NOME GALEGO

### NOME CASTELÁN

Discoglossus galganoi

Sapo raxado

Sapillo pintojo ibérico

Rana iberica

Ra patilonga

Rana patilarga

Rana perezi

Ra verde

Rana ridibunda

Chioglossa lusitanica

Salamántiga galega

Salamandra rabilarga

Salamandra salamandra

Píntega

Salamandra común

Triturus Boschi

Limpafontes común

Tritón ibérico

Triturus helveticus

Limpafontes palmado

Tritón palmeado

Triturus marmoratus

Limpafontes verde

Tritón jaspeado

Non existe afección sobre ningún espazo protexido da comunidade galega. O ámbito queda lonxe de áreas e espazos protexidos, concretamente 7 km. da Enseada de San Simón e 12 km. da Serra da Canda. Dada a pequena extensión da actuación, non son esperables efectos sobre estas áreas.



***Vexetación de bosque mixto preto do ámbito***





***Río da Reigosa***





*Vexetación de bosque mixto preto do ámbito*

### **3. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL**

#### **3.1 OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN SECTORIAL**

A modificación puntual ten unha finalidade principal o cambio da cualificación do uso previsto pasando de Central de Transportes a usos industriais xenéricos, debido a un cambio nas necesidades. Este cambio de uso supón tamén alteracións no deseño, que fundamentalmente afectan ao trazado dos recorridos peonís e a configuración e dimensións das parcelas privadas. Coa presente modificación puntual se redactará un documento refundido do Plan Sectorial que será o que se someta as diferentes fases de tramitación ata a aprobación definitiva.



Polo tanto, se ben o obxectivo fundamental e o cambio de uso, isto supón tamén alteracións no deseño necesarias para permitir o correcto funcionamento dos novos usos.

E evidente que por razóns de economía e sostibilidade o novo deseño deberá respectar na medida do posible as obras xa executadas incorporándoas ao novo deseño.

Sen dubida, os novos usos van a supoñer unha nova mobilidade con un incremento notable dos desprazamentos peonís, así como dos movementos en vehículos privados lixeiros. Neste sentido non parece adecuado a dependencia de una única entrada de vehículos a zona, xa que no caso de obras puntuais ou ocasionais accidentes de tráfico na vía de acceso o funcionamento do polígono industrial se vería seriamente condicionado. Polo tanto resulta interesante estudar a posibilidade de aportar ao sector novas conexións, aínda que teñan un carácter secundario. Por outra banda a necesidade de dotar a todas as estradas proxectadas de beirarrúas é evidente.

O maior tráfico de vehículos lixeiros e previsible polo que mellorar a mobilidade no interior do polígono industrial e tamén importante. Así mesmo introducir medidas no novo deseño que propicien unha mellor integración ambiental e unha maior eficacia ecolóxica da área industrial será un obxectivo desexable da Modificación Puntual.

### **3.2. XUSTIFICACIÓN DO INTERESE PÚBLICO DA ACTUACIÓN**

O interese público da modificación puntual e evidente, trata de adaptarse as novas necesidades poñendo en uso unha zona xa urbanizada ao obxecto de rendibilizar a inversión pública que xa se fixo. Así como consolidar un polo de desenvolvemento industrial existente.

Se prevén as oportunas medidas de reforestación dos espazos afectados polas obras, e que quedan libres una vez terminados os traballos, así como de todas as zonas verdes públicas e as áreas axardinadas do viario, co obxecto de garantir a adecuada integración paisaxística da actuación.



## 4. ALCANCE E CONTIDO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN SECTORIAL

### 4.1. DETERMINACIÓNS ACTUAIS DO PLAN SECTORIAL

	superficie		ocupación		edificabilidade	
	sup.m2	%	sup.m2	%	M2/m2	M2
Espazos libres (comp.)	10.675,03	12,28	533,75	5	0,05	533,75
Sistema viario	21.664,47	24,91				
Sistema Xeral	2.701,06	3,11				
Equipamentos	---	---				
<b>Total dotacións públicas</b>	<b>35.040,56</b>	<b>40,30</b>				
Parcela 1	9.090,00	10,45	6.817,50	0,75	0,75	6.817,50
Parcela 2	6.615,00	7,61	4.961,25	0,75	0,75	4.961,25
Parcela 3	11.160,00	12,83	7.812,00	0,70	0,70	7.812,00
Parcela 4	7.667,02	8,82	5.367,00	0,70	0,80	6.133,60
Parcela 5	2.720,94	3,13	408,10	0,15	0,15	408,10
Parcela 6	3.682,51	4,23	1.841,25	0,50	0,60	2.209,50
Espazo verde privado	10.987,83	12,63				
<b>Total aproveitamento privado</b>	<b>51.923,30</b>	<b>59,70</b>	<b>27.207,10</b>	<b>0,52</b>	<b>0,55</b>	<b>28.341,95</b>
<b>TOTAL</b>	<b>86.963,86</b>	<b>100</b>				







**Zonificación actual (Alternativa 0)**



## 4.2. MEDIDAS NECESARIAS

As medidas necesarias que debe contemplar a modificación puntual, veñen derivadas do seu cambio de uso, que vai supoñer unha diversificación das actividades e dos usuarios polo que a complexidade funcional aumenta, e o mesmo tempo existen outras cuestións que paralelamente pasan a ter unha maior importancia a calidade espacial e medioambiental debe ser tida en moita consideración na procura dun tecido urbano trabado que integre as diferentes actuacións non só de o concello de Ponte Caldelas senón tamén do de Pontevedra. Hai que ter moi presente o cambio nas actividades industriais cara un modelo mais ecolóxico baseado nas novas tecnoloxías e nas enerxías alternativas o que fai que a propia arquitectura das naves industriais mude a procura dunha imaxe mais actual que constituía unha paisaxe urbana atractiva acorde co as expectativas que os consumidores e posibles clientes destas industrias teñen. Polo tanto e imprescindible artellar os seguintes cambios:

- 1º. Novos usos
- 2º. Adaptación das parcelas
- 3º. Novos percorridos peonís (beirarrúas nas estradas)
- 4º. Mellora da mobilidade rodada
- 5º. Mellora da mobilidade alternativa
- 6º Mellora da accesibilidade
- 7º Mellora da integración medioambiental e ecolóxica.



### 4.3. ALTERNATIVAS CONSIDERADAS

Á vista do exposto valóranse as seguintes alternativas de actuación:

#### ALTERNATIVA 0.

Considerase como Alternativa 0 a non tramitación da Modificación puntual proposta. Esta alternativa non é viable xa que as novas necesidades condicionan o cambio de uso proposto o que supón unha serie de variacións na ordenación que son imprescindibles para o correcto funcionamento do polígono, polo que descartamos esta posibilidade.

#### ALTERNATIVA 1.

A alternativa 1 é unha variante da anterior que pasa por manter a estrutura actual introducindo simplemente beirarrúas cando fose necesario para facilitar o acceso peonil as distintas parcelas, que se subdividen de maneira que en cada “illa” existan diversas parcelas independentes que poderán ser dedicadas a usos diferentes. Todo isto implicaría o aumento da sección viaria, para incorporar as aceiras e un aparcamento en liña, e a diminución da superficie das parcelas.

#### ALTERNATIVA 2.

Esta alternativa suscita a necesidade non so de novas beirarrúas senón tamén de novos accesos e de unha mellora xeral da mobilidade que os diversos usos que poden asentarse no ámbito van a demandar. Para isto se prolongan as vías previstas ata a súa conexión coa estrada. A Reigosa–Pintos. As novas conexións na estrada non permiten os xiros a esquerda para manter un tráfico fluído na zona, pero si permiten unha maior flexibilidade na organización do tráfico, posibilitando movementos diversos entre as diferentes áreas industriais que conforman a zona.

Esta alternativa foi pronto descartada porque supoñía unhas obras mais que notables na contorna da estrada Reigosa-Pintos.





**Esquema da alternativa 2**

Diligencia para que se fai constar que o documento coincide co contido no expediente aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 03.03.2022  
Xefe do Servizo de Planificación e Ordenación do Solo:  
Alberto Feijoo Rodríguez

INSTITUTO  
GALEGO DA  
VIVENDA E SOLO

CVE: w1pZfzsnapv7  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>




### ALTERNATIVA 3

Esta alternativa aborda o tema da mellora da mobilidade de maneira mais sutil: por un lado propón unha aposta por as mobilidades alternativas ao establecer percorridos peonís compatibles co uso de bicicletas, que aproveitan as novas zonas axardinadas públicas para deseñar un anel que circunvala todo o ámbito. Por outra banda a mellora da accesibilidade rodada tenta de conservar ao máximo a urbanización xa executada e propón una nova rotonda que dota de maior flexibilidade e eficacia aos desprazamentos internos ao mesmo tempo que posibilita un novo acceso dende o núcleo de A Reigosa. Para completar este acceso secundario (alternativo) se diseña unha saída secundaria aproveitando o viario dunha zona de aparcamento xa urbanizada na actualidade. No deseño destes novos accesos secundarios tense moi en conta a topografía actual de xeito que non supoñan grandes movementos de terras, e que estes accesos non presenten pendentes excesivas.

Deste modo a accesibilidade rodado se incrementa cunha entrada e unha saída, cun carácter claramente secundario pero que poden ser de moita utilidade en condicións excepcionais. Así mesmo a mobilidade peonil e en bicicleta se ve favorecida por unha “senda verde” que conectada coas beirarrúas permite os desprazamentos entre as distintas actividades no interior do polígono e con os polígonos adxacentes, ao mesmo tempo que procura unha maior integración paisaxística e ambiental na zona.





**Esquema da alternativa 3**

#### 4.4. ALTERNATIVA SELECCIONADA. MOTIVACIÓN

A alternativa seleccionada é a número 3, por ser a que mellor cumpre cos obxectivos iniciais:

**1º. Novos usos.** Este obxectivo é o punto de partida de a modificación e todas as propostas daban resposta a esta demanda, salvo a alternativa 0.

**2º. Adaptación das parcelas.** Co motivo da introdución no deseño de aceiras adecuadas para o tránsito peonil se fai necesario modificar as parcelas, cuestión que se soluciona nas alternativas 1, 2 e 3

**3º. Novos percorridos peonís (beirarrúas nas estradas).** Os novos percorridos peonís que se propoñen na alternativa 3 ademais de beirarrúas en todas as vías se completan con unha rede de sendas verdes.

**4º. Mellora da mobilidade rodada:** A proposta de unha nova rotonda flexibiliza os percorridos rodados no interior do ámbito, a vez que aposta por unha intervención mínima que non supón grandes obras

**5º. Mellora da mobilidade alternativa.** As sendas verdes permiten o uso peonil pero tamén a utilización da bicicleta no ámbito, obviamente sería necesario a continuidade destas sendas para que funcionasen de un modo efectivo pero, obviamente este obxectivo excede o alcance do presente documento.

**6º. Mellora da accesibilidade.** A proposta de un acceso e unha saída novos, contemplada na alternativa 3 supoñen unha mellora na accesibilidade sen introducir distorsións no sistema viario e aproveitando ao máximo a urbanización xa executada. Por contra a alternativa 2, se ben mellora a accesibilidade, tamén provoca disfuncións na estrada Reigosa-Pintos e incrementa as obras necesarias.

**7º. Mellora da integración medioambiental e ecolóxica.** Esta alternativa e a que con mais claridade aposta por a mobilidade alternativa no interior do ámbito, unida a medidas concretas no deseño das zonas verdes así como o acompañamento de áreas axardinadas no sistema viario, van supoñer un cambio destacable.



Concretamente a proposta intenta aumentar as superficies de zonas verdes públicas. Manter a superficie edificable prevista no mesmo. E incrementar a superficie de sistema viario de tal maneira que se podan resolver adecuadamente os distintos tipos de mobilidade.

Superficie total	86.963,86 m2s)
Rede viaria local	38.740,24 m2s
Espazos libres	11.663,05 m2s
S. Xeral viario	2.701,06 m2s
Superficie de parcelas privadas	33.859,51 m2s
Superficie máx. edificable	28.187,55 m2c
Prazas de aparcamento públicas (automóviles)	361
Prazas de aparcamento públicas (camiones)	19

**A distribución concreta desta zonificación se recolle con precisión nos planos do BORRADOR da M.P. da Central de Transportes de Ponte Caldelas que acompañan este PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA .**





Polo tanto a táboa de parámetros do P.S. quedaría como segue:

	superficie		ocupación		edificabilidade	
	sup.m2	%	sup.m2	%	M2/m2	M2
Espazos libres (comp.)	11.663,05	13,41	583,15	5	0,05	583,15
Sistema viario	38.740,24	44,55				
Sistema Xeral	2.701,06	3,11				
Equipamentos	---	---				
<b>Total dotacións públicas</b>	<b>53.104,35</b>	61,07				
ILLA 1	8.100,00	9,31	5.400	66,67	0,85	6.885,00
ILLA 2	5.670,00	6,52	3.780	66,67	0,85	4.819,50
ILLA 3	9.855,00	11,33	5.940,00	60,27	0,85	8.376,75
ILLA 4	6.552,00	7,53	5.175,00	78,98	0,90	5.896,80
ILLA 5	3.682,51	4,24	1.841,25	50,00	0,60	2.209,50
<b>Total aproveitamento privado</b>	<b>33.859,51</b>	<b>38,93</b>	<b>22.136,25</b>	65,38	0,83	<b>28.187,55</b>
<b>TOTAL</b>	<b>86.963,86</b>	<b>100</b>				

O que se pode expresar nunha táboa resumen comparativa das modificacións introducidas pola presente modificación puntual onde dende un punto de vista cuantitativo se poden apreciar as melloras das condicións medioambientais no ámbito:



**TABLA COMPARATIVA DOS PARÁMETROS DO PXOM E DA  
MODIFICACIÓN PROPOSTA**

<b>Dotación</b>	<b>Se cambia</b>	<b>Se propón</b>	<b>Déficit/exceso</b>
<b>Superficie</b>	86.963,86 m2s	86.963,86 m2s	<b>0,00 m2s</b>
<b>Espazos libres</b>	10.675,03	11.663,05	<b>+988,02 m2s</b>
<b>Rede viaria</b>	21.664,47 m2	38.740,24 m2s	<b>+17.075,77 m2</b>
<b>Sistema Xeral</b>	2.701,06 m2s	2.701,06 m2s	<b>0,00 m2s</b>
<b>Sup. edificable</b>	28.341,95 m2c	28.187,55 m2c	<b>-154,40 m2c</b>
<b>Sup parcelas</b>	40.935,47 m2s	33.859,51 m2s	<b>-7.075,96m2s</b>
<b>Aparcamiento público</b>	341 prazas	361 prazas +19 prazas	<b>+39prazas</b>

## **5. DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN**

O desenvolvemento da Modificación Puntual seguirá o procedemento previsto para a aplicación de ditas modificacións:

- Tramitación do documento da Modificación Puntual do Plan Sectorial da Central de Transportes de Ponte Caldelas, incluído o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica.
- Aprobación definitiva da Modificación Puntual
- Execución das obras.



## **6. EFECTOS SOBRE AS CONDICIONES AMBIENTAIS NA ZONA**

Na avaliación dos efectos ambientais previsibles valoraranse os seguintes apartados:

a) Efectos sobre a paisaxe e o patrimonio natural.

Non existen elementos catalogados ou protexidos no entorno polo que impacto é baixo. Ademais se contemplan unha serie de medidas para minimizar o impacto

b) Efectos sobre o patrimonio cultural.

Non existen elementos catalogados ou protexidos no entorno polo que impacto é nulo.

c) Efectos sobre a sociedade.

A Modificación Puntual ten como fin a mellora e o cambio de uso da Central de Transportes polo que e previsible un aumento da oferta no mercado laboral. Así mesmo a consolidación do tecido urbano completando o Polígono do Campiño terá sen dubida efectos beneficiosos sobre a integración espacial dos distintos ámbitos da zona.

d) Efectos sobre a economía.

Como xa temos comentado e previsible un aumento das actividades económicas co establecemento de novas industrias no ámbito. Así mesmo e prioritario rendibilizar a inversión pública xa efectuada.

e) Efectos sobre a mobilidade.

.Se mellora a mobilidade e accesibilidade rodada, así como a mobilidade peonil e alternativa co deseño de unhas sendas verdes e novas beirarrúas.

f) Incidencia no urbanismo de xénero.



Se ten moi en conta o deseño de percorridos peonís seguros e que garantan un uso do espazo consensuado e de calidade, que permita a cohesión social, e a utilización do espazo dende unha perspectiva de xénero

## **7. EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS CONCURRENTES**

### **7.1. AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO (DOT).**

O ámbito de aplicación da Modificación do PXOM está inserido na Rexión Urbana das Rías baixas e, máis concretamente na Área Urbana de Pontevedra, ambas definidas nas DOT.

Concretamente no punto 2.2.2. “As claves da estratexia da Rexión Urbana” se establece nas DOT: “*...importante sistema productivo, que se caracteriza pola súa elevada integración nos mercados internacionais. O mantemento da competitividade das actividades económicas neste territorio vai demandar nos próximos anos unha armazón de servizos produtivos cada vez mais complexo e unha aposta pola I-D-i que só pode atoparse en Areas Urbanas de certo tamaño e diversificación.*” A modificación sigue esa liña estratéxica ao propoñer a consolidación dun area industrial existente.

Así mesmo cando fala das vías de mobilidade sostible na rexión establece “*...a integración (...) dos modos de mobilidade alternativa, así como cando sexa posible, os valores ecolóxicos existente, :carril bici, vía de transporte colectivo, permeabilidade transversal (...)*”. Estes aspectos se teñen moi en conta no deseño das vías e nas sendas verdes.

Analizadas as determinacións das Directrices son de aplicación as seguintes determinacións orientativas:

- Determinación orientativa 3.2.1. “A *planificación sectorial de áreas empresariais de Galiza estudará as demandas de solo para os usos industriais*



*terciarios, e establecerá as súas determinacións baixo criterios de sostibilidade e en congruencia co modelo territorial das DOT.*

*a.(...) Preveranse parques de carácter estratéxico nas Rexións Urbanas de Vigo-Pontevedra(...)"*.

*g. A planificación das áreas empresarias e dos espazos para actividades económicas, tanto por ser de nova construción como por reconversión dos existentes, deberá facerse desde a perspectiva da ecoloxía industrial co fin de buscar a eficiencia e contribuír ao desenvolvemento sostible.*

*h. As diferentes áreas empresarias poderán acoller usos comerciais e terciarios sempre que non desvirtúen a súa finalidade nin comprometan a súa funcionalidade.*

– *Determinación orientativa 3.2.3. “Os parques empresarias localizaranse respectando os valores ambientais (incluíndo os culturais) do territorio e conectados coas estradas de maiores prestacións (...).”*

– *Determinación orientativa 3.2.6. “Na elección das alternativas da localización das áreas empresarias primará a prevención dos seus posibles efectos sobre o medio fronte a súa corrección, mitigación ou compensación, polo que se considerarán as limitacións derivadas dos condicionantes topográficos, da proximidade a asentamentos de poboación, da posible afección ao ámbito de influencia do patrimonio natural e cultural (...).”*


A modificación segue as determinacións das DOT ao propoñer a consolidación dun área industrial nuns terreos que xa están case totalmente urbanizados polo que a modificación do medio natural e practicamente nula, xa que se pretende o aproveitamento da maior parte das obras xa executadas. Ademais a modificación incorpora no seu deseño medidas de integración ambiental e paisaxística así como formas de mobilidade alternativa.

## **7.2. O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL (POL).**

O obxectivo do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia é "establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona



litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras". O POL é un Plan Territorial Integrado regulado na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia e, como tal, está vinculado ao que establezan as DOT. Do mesmo xeito, o POL debe coordinar os plans de carácter sectorial co fin de conseguir unha protección e xestión efectiva das zonas costeiras. Para a consecución dos obxectivos do POL, este estableceu un modelo territorial que se configura a partir da identificación dunha serie de elementos, e dunha serie de relacións entre estes elementos que serve de base para o establecemento de criterios, principios e normas xerais. Posteriormente se propón unha normativa de conservación, protección e valorización das zonas costeiras.



PLANO DE MODELO TERRITORIAL\_BI08 DO POL

A zona afectada pola presente Modificación puntual do Plan Sectorial no está incluída no ámbito de aplicación do POL, tal e como pode apreciarse na imaxe anterior.



### 7.3. OUTROS PLANS SECTORIAIS

Entre os plans sectoriais que poden ter incidencia na Modificación Puntual proposta están os seguintes:

- a) Plans sectoriais de estradas: Non afecta.
- b) Plan hidrolóxico Galicia Costa: Non afecta.
- c) Plan director da Rede Natura: Non afecta.
- d) Plan sectorial de áreas empresariais. A modificación e compatible e complementaria co plan sectorial de ordenación das áreas empresariais en Galicia, aprobado o 30 de abril do 2014, no que xa se recolle a necesidade de ampliación do Parque Empresarial da Reigosa, en Pontecaldelas (áreas nº 36043012 e 36043013)

Na proposta se terán en conta as recomendacións, criterios e parámetros contidos neste documento para o deseño das áreas industriais e empresariais.

### 7.4. AFECCIÓNS SECTORIAIS

Entre as afeccións sectoriais que poden ter incidencia na Modificación Puntual proposta están as seguintes:

- a) Estradas: Non afecta.
- b) Costas: Non afecta.
- c) Augas: Non afecta.
- d) Portos: Non afecta.
- e) Aeroportos: Non afecta.
- f) Patrimonio: Non afecta.
- g) Espazos naturais: Non afecta.
- h) Ferrocarrís: Non afecta.



i) Montes: Non afecta.

j) Minas: Non afecta.

k) Defensa: Non afecta.

l) Eléctricas: Non afecta.

Ningunha das afeccións anteriores afecta ao ámbito da Modificación puntual proposta.

## **8. MEDIDAS PREVISTAS PARA CORRIXIR OS EFECTOS NEGATIVOS NO MEDIO AMBIENTE.**

A Continuación descríbense as medidas previstas para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no ámbito de aplicación da Modificación Puntual.

Con carácter xeral se realizan unha serie de consideracións no deseño dos espazos públicos e zonas verdes, tendentes a garantir a integración paisaxística e ambiental da zona. Por unha banda se incluírán no deseño do sistema viario áreas axardinadas que acompañen o mesmo, aos efectos de unha maior integración medioambiental. Así mesmo no deseño de estas áreas axardinadas e no deseño das zonas verdes, se seguirá como criterio para a elección das especies e para o proxecto do axardinamento destes áreas, os estudos relativos a vexetación potencial, de xeito que estes ámbitos contribúan a recuperación dos ecosistemas naturais, ao mesmo tempo que se reduce o consumo hídrico e o mantemento e coidado dos espazos verdes, seguindo en certa medida as teorías do paisaxista Gilles Clement de facer o mínimo en contra da evolución natural dos xardíns e o máximo a favor. Se pretende que as zonas verdes teñan unhas características similares a vexetación potencial do entorno, que actualmente está moi alterada pola actividade humana non so construtiva senón tamén derivada da explotación forestal, coa introdución de especies como o eucalipto e o pino, o que ten alterado o equilibrio natural do





ecosistema. Non se trata de eliminar todas as árbores non autóctonas, xa que na medida do posible se procurará a conservación do arborado existente, pero sí de actuar na elección das novas plantacións de maneira que se axude á recuperación paulatina da “vexetación potencial” no entorno, o que sen dubida terá un efecto positivo no ecosistema e minimizará o impacto paisaxístico.



**Esquema das áreas axardinadas**



Se deseñan as seguintes medidas específicas.

a) Medidas en relación coa Paisaxe e o Patrimonio Natural:

Partindo dos criterios xerais anteriormente expostos, se establecen as seguintes accións concretas: como medida correctora do impacto do uso dos vehículos a motor, prevese a creación de bandas arboradas que filtren e minimicen tanto o ruído como os gases nocivos, segundo se recolle nas normas de deseño do espazo urbano propostas no borrador da modificación, así mesmo nas zonas cunha importante presenza visual na paisaxe se deseñan bandas axardinadas que maticen o impacto das construcións. Por exemplo a parcela cinco do actual PSCT pasa a ser espazo público se mantén o aparcamento para camiións e vehículos pesados (como público) pero a zona de “boxes” -situada nunha zona que constitúe un miradoiro natural- pasa a ser unha banda axardinada. Esta banda axardinada cumpre funcións diversas: por unha lado permite un bo uso e gozo deste miradoiro natural, garante o remate “natural” da cornixa da plataforma sobre a que se asenta o PS mellorando a integración na paisaxe e serve de conexión coas zonas verdes do polígono que a su vez enlazan co corredor verde constituído pola valgada do río da Reigosa.

b) Medidas en relación coa Atmosfera e o Cambio Climático:

Substitución das luminarias causantes de contaminación luminosa por outras tipo Led. de menor consumo e maior eficacia. Controis acústicos periódicos. Plantación de numerosas árbores adicionais

c) Medidas en relación co ciclo hídrico:

Procurarase que as instalacións contén con dispositivos de aforro de auga. E no deseño dos espazos libres a utilización de especies que no necesiten un rego excesivo, principalmente as relacionadas como vexetación potencial, así como utilizar pavimentos e bandas axardinadas que garantan a permeabilidade do solo, para garantir a permanencia dos acuíferos subterráneos.



#### d) Medidas en relación á Enerxía:

Procurarase que as instalacións contén con dispositivos de enerxía solar térmica e fotovoltaica no ámbito. Emprego de luminarias de baixo consumo, substitución das mesmas por outras de menor consumo segundo se vaian producindo innovacións neste campo (LED, etc.) e redución de consumo en horas de menor actividade, mediante o emprego de redutores de fluxo na rede pública ou o apagado selectivo de luminarias.

#### e) Medidas en relación coa mobilidade:

Proposta de novos accesos rodados ao polígono. Deseño de novas beirarrúas e sendas peonís, novos aparcamentos públicos e previsión de rutas adecuadas para as bicicletas, así como instalación de aparcadoiros para bicicletas no ámbito.

## 9. MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO DA CUALIDADE AMBIENTAL

A Lei 21/2013 no seu artigo 29 indica a necesidade de describir as medidas previstas para o seguimento da calidade ambiental.

Durante o transcurso as obras se tomarán todas as medidas necesarias para garantir a redución dos impactos negativos que estas puideran causar no medio ambiente



## **10. MEDIDAS PREVISTAS PARA ATENDER AOS PRINCIPIOS DE ACCESIBILIDADE UNIVERSAL, DE IGUALDADE DE TRATO E DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES, DE MOBILIDADE E DE EFICIENCIA ENERXÉTICA.**

Se estará ao previsto na Lei 7/2015 “Real decreto legislativo, de 30 de outubro por el que se aprueba el texto refundido de la ley del suelo y rehabilitación urbana” no seu artigo 20.1 apartado c) e a Lei 3/2007 “Ley orgánica de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres”. Por tanto se adoptan os seguintes criterios de deseño:

- a) Deseño de percorridos accesibles incorporando ramplas cando fose necesario.
- b) Deseño de percorridos seguros e con iluminación adecuada para o seu uso e con unha relación axeitada co resto dos espazos públicos.
- c) Deseño de sendas aptas para as bicicletas que permitan unha mobilidade eficiente e inclusiva.

Santiago de Compostela

Jesús Conde García  
ARQUITECTO REDACTOR





## RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM.1 DO PROXECTO SECTORIAL PARA A IMPLANTACIÓN DO CENTRO DE TRANSPORTES E TERMINAL INTERMODAL DE PONTE CALDELAS, NO CONCELLO DE PONTE CALDELAS

Promotor e órgano substantivo: Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS)

Expediente: 2020AAE2475

Código web: 2334/2020

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a proposta que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

1. O *Proxecto sectorial para a implantación do centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas (Pontevedra)* foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o día 05.12.2003 (DOG núm. 250, do 26.12.2003) e someteuse ao procedemento de avaliación de impacto ambiental.
2. O día 31.07.2020 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático<sup>1</sup> recibiu un escrito do Instituto Galego de Vivenda e Solo no que solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual núm. 1 do Proxecto sectorial para a implantación do centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas*, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta.
3. O día 05.08.2020 esta Dirección Xeral iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico por un prazo de 45 días, facendo públicos os documentos na súa sede electrónica e realizando as consultas ás administracións afectadas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia establece no artigo 5 que as modificacións dos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal serán obxecto de avaliación ambiental cando así o decida o órgano ambiental mediante “decisión” motivada, pública e axustada aos criterios establecidos polo anexo II da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental establece o réxime xurídico que regula a avaliación ambiental estratéxica de plans e programas. Na sección 2ª do capítulo I (Título II) régulase a tramitación do procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica, que substitúe ao antigo procedemento administrativo de “decisión” recollido na citada Lei 9/2006, de 28 de abril.
3. O artigo 31.2 da Lei 21/2013 establece que órgano ambiental emitirá o informe ambiental estratéxico, tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios establecidos no seu anexo V. Neste informe poderá determinarse que a modificación ten efectos significativos no ambiente, e polo tanto debe someterse a avaliación ambiental estratéxica

<sup>1</sup> Actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático polo Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.





ordinaria, ou ben que non presenta efectos significativos podendo aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

4. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (actual Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático) ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

## CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

### 1. Características da modificación

**Ámbito de actuación:** terreos correspondentes á central de transportes de Ponte Caldelas, situados nas inmediacións dos parques empresariais de empresariais da Reigosa e O Campiño, na parroquia de Tourón, no concello de Ponte Caldelas, moi próximos á cidade de Pontevedra. O ámbito foi recollido no Plan sectorial de áreas empresariais de Galicia, aprobado o 30 de abril do 2014, como área empresarial en tramitación.

Actualmente os terreos atópanse practicamente urbanizados na súa totalidade, pero sen ocupar. A ordenación vixente estrutura o ámbito en grandes cuarteiróns, comunicados por vías destinadas unicamente ao tráfico rodado. O acceso ao ámbito prodúcese a través dunha rotonda situada ao sur, tendo as demais vías un carácter interno.

A principal zona verde sitúase ao leste, nunha zona de certa pendente e vistas ao rego da Reigosa.



Emprazamento do ámbito


**Superficie:** 86.964 m<sup>2</sup>

**Obxecto:** cambiar a cualificación do uso do ámbito establecido no proxecto sectorial, pasando de central de transportes a usos industriais xenéricos similares aos existentes na contorna inmediata, debido a un cambio nas necesidades.

**Proposta:** analizáronse tres alternativas, ademais da alternativa cero. A “alternativa 1” propón manter a estrutura actual introducindo unicamente beirarrúas e subdividindo as parcelas para que podan acoller diferentes actividades; a “alternativa 2” prevé unha mellora xeral na mobilidade e nos accesos, prolongando as vías para conectalas coas estradas periféricas, pero supón unha elevada intervención.

Finalmente, resulta seleccionada “alternativa 3” que contempla o cambio de uso dos terreos, así como alteracións no deseño que fundamentalmente afectan á configuración e dimensións das parcelas






privadas para permitir o correcto funcionamento das novas actividades propostas, así como ao trazado da rede de percorridos peonís.

A modificación puntual proxecta un acceso na marxe suroeste para o tráfico rodado, incrementa as prazas de aparcadoiro, incorpora beirarrúas nos viarios, deseña unha rede de sendas peonís e aumenta a superficie de zonas verdes. Mantén a principal zona verde prevista ao leste, pero preserva da edificación a parcela lindeira cara ao oeste, co que dende o viario máis externo se preservan as vistas cara a valgada do rego da Reigosa e a zona rural. Finalmente, incorpora criterios para que as zonas verdes permitan unha mellor integración paisaxística das edificacións.

O borrador alude a cinco ordenanzas, cuxa concreción delega a fases posteriores do planeamento.



Ordenación proposta


## 2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito emprázase nun enclave industrial de certa importancia, na rexión urbana das rías Baixas, na área urbana de Pontevedra, no límite entre os termos municipais de Ponte Caldelas e Pontevedra.

Ao sur e ao oeste linda con parcelas e instalacións de carácter industrial (Parque empresarial do Campiño e A Reigosa, respectivamente), mentres que cara ao norte e o leste domina o parcelario agrícola no que se intercalan vivendas unifamiliares. Cara ao leste, o val formado polo rego Covelo, discorre fóra dos límites do parque.

Froito do desenvolvemento do proxecto sectorial os terreos están urbanizados dende hai máis dunha década, pero ser edificar. Asíntanse nunha plataforma lixeiramente elevada respecto do viario externo, froito do movemento de terras previo, cuxa diferenza de cota se resolveu mediante noiros.





En relación co *Catálogo das paisaxes de Galicia* o ámbito sitúase na grande área paisaxística “Rías Baixas”, dentro das comarcas paisaxísticas de “Baixo Lérez”. O miradoiro da Fracha, situado no concello de Pontevedra, localízase a uns 1.100 metros ao suroeste da actuación. Non coincide con ningunha área de interese paisaxística catalogada.

O extremo oeste do parque empresarial vese afectado polo contorno de protección de varias mámoas que se atopan fóra do ámbito.

Nin no ámbito nin na súa contorna se localizan espazos naturais protexidos ou hábitats de interese.

O principal vía de comunicación é a estrada provincial EP-0004, que supón o límite sur do sector.

### 3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental estratéxico:

	Recibido	Non recibido
Instituto de Estudos do Territorio	x	
Augas de Galicia		x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x	

Asemade, o borrador da proposta mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados durante 45 días na páxina web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental.

O promotor deberá considerar na elaboración da modificación as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas, e para elo achéganse os textos íntegros recibidos. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

#### Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Sinala que o ámbito se atopa parcialmente afectado polo contorno de protección xenérico de varios bens arqueolóxicos, tal e como se recolle no Plan básico autonómico, o que deberá recollese na memoria e na cartografía. Especifica outras cuestións respecto do cumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia que se deben incorporar na normativa.

#### Instituto Estudos do Territorio

Informa que a modificación non comportará un impacto paisaxístico significativo, toda vez que non mudará o carácter da paisaxe do centro de transportes e as medidas previstas contribuirán a mellorar a integración paisaxística da actuación.

### 4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación puntual do plan sectorial preténdese modificar a cualificación do uso do centro de transportes para posibilitar a implantación de industrias xerais no ámbito, o que fai preciso modificar a ordenación existente.

Trátase dun ámbito urbanizado nun contexto dominado polas actividades industriais dos parques empresariais cos que linda polo sur e o oeste, polo que o cambio de uso non dá lugar a novas afeccións sobre o medio.

A proposta procura adecuarse á urbanización existente -con pequenos axustes- evitando novos movementos de terras e minimizando as intervencións e o consumo de recursos. Ademais, incorpora medidas que melloran a situación de partida. Así, a mobilidade peonil e de vehículos non motorizados







vese favorecida pola incorporación de beirarrúas en todas as vías. A inclusión dun novo acceso redunda na redución do tránsito de vehículos motorizados polas vías interiores.

Incrementátese a superficie destinada a zona verde e incorpóranse unha serie de medidas no deseño dos espazos públicos tendentes a mellorar a integración paisaxística das actuacións na contorna, entre outras, a aposta polo uso de especies autóctonas. No perímetro presérvase unha banda axardinada, que sería recomendable que incorporase estratos arbóreos para amortecer a afección das actividades nas vivendas próximas.

Á vista do exposto, non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados do desenvolvemento da modificación puntual proposta. No entanto, teranse en consideración as observacións recollidas nos informes de consulta recibidos.

## PROPOSTA

Tendo en conta o indicado nos apartados anteriores e a análise realizada segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm. 1 Proxecto sectorial para a implantación do centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas, no concello de Ponte Caldelas**, ao considerar que non se producirán efectos significativos no medio ambiente.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Margarita Segade Castro  
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

---

## RESOLUCIÓN

De conformidade coa proposta anterior, resolvo **non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual núm. 1 Proxecto sectorial para a implantación do centro de transportes e terminal intermodal de Ponte Caldelas, no concello de Ponte Caldelas**.

Este informe ambiental estratéxico farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal>); remitirase ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto á copia das observacións recibidas na fase de consultas previas, para a súa consideración na tramitación da modificación puntual.

A resolución perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non se aprobase a modificación no prazo máximo de catro anos dende a súa publicación.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación puntual do proxecto sectorial.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

